




SERRA DA RAÍÑA LOBA PENEDO DAS FATIGAS

Adela Leiro, Mon Daporta



Distancia: 8 km (ida e volta)

Dificultade: media

Duración: 3 horas

O Penedo das Fatigas é unha formación rochosa, granítica, creada por séculos de exposición a auga e ao vento que se atopa preto do cume dos montes do Cebreiro, un pequeno grupo de montes situados na confluencia dos concellos de Os Blancos, Baltar e Calvos de Randín, ao sur da Limia.

O camiño, unha pista en bo estado pola que se circula pouco, vai gañando altura polo medio dunha plantación de piñeiro rubio, na que, nalgúns áreas, cerquiños, pereiras bravas e bidueiros reclaman o terreo que lle foi arrebatado; e algunha que outra mancha de bosque autóctono carballeira de rebolos, lévanos en algo máis de unha hora ata a fonte da Cunca; uns 250 m máis adiante da Fonte da Cunca atopamos un cruce no que se xuntan varios camiños: o que sae pola dereita, que sube lixeiramente, vai á torre de vixilancia de incendios no cume do monte, o seguinte baixa a Feá s ou a Meaus, o que segue de fronte lévanos nuns 700 m ao Penedo das Fatigas (1) obxectivo principal da andaina, para o que percorremos en total uns 4 quilómetros, e o que baixa á esquerda, polo que podemos volver a Fontearcada, ponnos, nun km, no inicio do camiño do foxo do lobo do Cebreiro (2), para velo, bastante tapado polos fentos, temos que andar outro km seguindo un camiño de monte.

Uns 200 m máis adiante do Penedo das Fatigas, camiñando cara a caída do monte ao val do río Salas, e á dereita, atópase outra formación rochosa singular a Pedra da Ave ou Pedra da Vela, e á esquerda o cume do Cebreiro coroado polo sinal do vértice xeodésico. Desde os arredores do Penedo das Fatigas podemos gozar de amplas panorámicas da Limia, do val do río Salas e o encoro, das serras da fronteira e dos Pitoes, no Xurés .

COMO CHEGAR

Pasada a localidade de Fontearcada, se vimos de Os Blancos, ou o cruce da de Serois, se vimos desde Calvos de Randín, atopamos un cruce na parte máis alta da estrada, asfaltado a un lado e de terra (no punto desde onde arranca un cortalumes) ao outro. Desde ese cruce de terra xa podemos empezar a camiñada se decidimos subir polo cortalumes que máis adiante se xunta co principal da ruta. Tamén se pode comezar nun punto próximo onde hai un anaco de estrada vella abandonada da que arranca o camiño de subida.

Outra opción é subir desde Fontearcada collendo a estrada que vai a Covas e nela, a uns 2,3 km da saída, un desvío á dereita, unha pista de terra de 3,3 km que nos leva polo pé do inicio do camiño do foxo do lobo ao cruce da parte alta, desde onde podemos achegarnos a todos os puntos de interese da zona. Se subimos desde Covas atopamos o cruce, á esquerda, a uns 800 m da saída (Esta subida, desde Fontearcada ou desde Covas, pódese facer en coche). Volvendo de novo á estrada podemos continuar ata Covas e de alí a Penalonga, desde onde parte outra ruta que vai polos penedos da Raíña Loba e A Muller (3), xa na serra de Gomariz.

Hai unha ruta indicada e con paneis explicativos co nome de “Cebreiro-Raíña Loba”, de 42 quilómetros de lonxitude, que percorre os puntos máis importantes dos montes do Cebreiro e da serra de Gomariz: formacións xeolóxicas, “foxo dos lobos”, un dos máis grandes da Península, e a proximidade do Couto Mixto, un territorio que durante séculos, e ata mediados do XIX, tivo as súas propias leis, organizacións e privilexios.



Penedo das Fatigas.



Pena da Ave.



Foxo do lobo do Cebreiro. Unha das paredes medía medio km e a outra case un km.



Fonte da Cunca



Caraveis do monte
(*Dianthus loricifolius*).



Bolboreta *Melanargia lachesis*
sobre flores de silveira.



Cume do Cebreiro (1.267 m).



Pena da Raiña Loba. Conta a lenda que a Raiña Loba, metade muller metade loba, tiña atemorizada a xente dos arredores á que obrigaba a levarlle de comer tódolos días. Ata que un día os veciños de Pexeiros a enganaron decíndolle que lle trouxeran moita comida, a raiña asomouse para vela e nun descoido que tivo aproveitaron para matala empurrándoa en baixo do penedo.



Vista sur dos montes do Cebreiro